

A C T A 6/2021
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 30 DE XUÑO DE 2021 -

Na Casa do Concello, a trinta de xuño de dous mil vinte e un, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a María Teresa Castro Framil
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.^a Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 26/05/2021**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 493/21 Á 737/21)**
- 3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 4.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO SOBRE MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN DO ACOLLEMENTO FAMILIAR E PROTECCIÓN DAS FAMILIAS ACOLLEDORAS**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN DEFENSA DA CANTEIRA DA CASALONGA**
- 7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA**
- 8.- MOCIÓNS**
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasándose a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 26/05/2021.

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de maio de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 493/21 Á 737/21).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 21 de maio ata o 24 de xuño de 2021, que comprenden os números 493 ao 737, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO SOBRE MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN DO ACOLLEMENTO FAMILIAR E PROTECCIÓN DAS FAMILIAS ACOLLEDORAS.

O sr. alcalde explica que, antes de entrar neste punto da orde do día, quere dar unha explicación en relación coa orde dos asuntos no mesmo. Sinala que normalmente o criterio é que se poñen primeiro as propostas do goberno e logo as mocións dos distintos grupos políticos, en función da data de rexistro, porén neste caso concreto esta moción está ligada co punto seguinte, que é a modificación da ordenanza reguladora, polo que non tería sentido que se aprobara a ordenanza reguladora antes de aprobar as cuestións relacionadas coas familias acolledoras que despois aparecen no punto da orde do día seguinte.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da moción do seu grupo do 18 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 3035, de 18/06/2021), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola

Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de xuño de 2021.

“MOCIÓN

MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN DO ACOLLEMENTO FAMILIAR E PROTECCIÓN DAS FAMILIAS ACOLLEDORAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Onde mellor pode medrar un/a menor é en familia. Pero hai veces que a familia de orixe non garante unhas condicións mínimas para garantir a atención, o coidado ou a socialización dos nenos e nenas que nela nacen. Cando se dan con suficiente gravidade algunha desta circunstancias a administración esta obrigada a actuar e proceder á retirada da tutela ou da garda aos pais biolóxicos, esta situación pode ser temporal ou permanente.

A retirada dos e das menores do núcleo familiar non significa a rotura total da relación coa familia de orixe, senón que se traballa para evitar sofrementos maiores, e manter os vínculos emocionais cando estes son positivos para un desenvolvemento san.

As solucións residenciais de atención para os nenos e nenas apartados das súas familias son as residencias ou centros de menores ou a estancia con familias acolledoras. O acollemento familiar defínese como un recurso social que proporciona unha familia alternativa á de orixe a aqueles nenos e nenas ou adolescentes que, por diversas razóns, non poden convivir coa súa, evitando a institucionalización de crianzas e adolescentes que por circunstancias persoais ou sociais, non teñen familia que poida facerse cargo deles e pasan a ser tutelados pola Administración. Un acollemento non é unha adopción, hai que ter claro que a/o neno/a terá contacto coa súa familia biolóxica e que non é unha medida definitiva. Esta figura xurídica garante os e as menores tutelados ter a oportunidade de desenvolverse na contorna máis adecuada durante a infancia. Non existe dúbida entre as persoas expertas en considerar que a familia é o hábitat natural e o medio idóneo para o crecemento e benestar dos e das menores.

O principio fundamental do interese superior dos menores debe inspirar toda a lexislación de protección á infancia, a toma de decisión dos poderes públicos e o funcionamento dos sistemas e programas de protección. Por iso, resulta indispensable recoñecer dun modo claro e rotundo dende os distintos ámbitos por promover, fomentar e coidar os programas de acollemento familiar. O Estado Español tradicionalmente atende aos nenos e nenas dos programas de protección a través da institucionalización en centros de menores. Na Unión Europea somos dos que temos unha maior porcentaxe de nenos e nenas vivindo en centros.

En Galicia, a administración autonómica ten retirada a garda ou tutela de mais de 1,600 nenos e nenas. O número de familias acreditadas como acolledoras, non quere dicir que todas teñan menores ao seu coidado neste momento, arredor de 330 familias. O desfase entre un número e outro indica cal é a situación.

Priorizar solucións familiares de acollemento e de adopción fronte ás residenciais familiar é un necesidade, e so podemos facelo cun esforzo global. Ademais de corrixir o desequilibrio entre o investimento destinado ao acollemento residencial fronte ao familiar, hai que implementar medidas amplas que promovan o acollemento familiar. As familias de acollida demandan unha maior visibilidade como primeira medida, pois non se visualiza esta situación familiar en ningún espazo social ou documento administrativo.

A acollida de menores é un acto completamente altruísta no noso país e ten escasas compensacións públicas, a pesar de que o titor legal dos menores é a Administración. Estas familias enfróntanse no seu día a día a situacións nas que teñen que dar demasiadas explicacións, como entregar un papel para unha gardería ou colexio, solicitar a cartilla sanitaria, federarse para poder facer un deporte ou explicar aos menores que non poden viaxar cos seus compañeiros... ou os atrancos para a conciliación que pode supor a chegada dun neno ou nena fora dos prazos administrativos.

A Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e adolescencia, é a base lexislativa na que se sustentan os dereitos das familias acolledoras e dos menores acollidos e acollidas. En especial sinala que a familia

acolledora terá os mesmos dereitos que a Administración recoñece ao resto de unidades familiares. E por isto, que é necesario que o desenvolvemento normativo consolide esta liña xurídica, e propoñemos que dende a administración local, a mais achegada, se actualice o tratamento do acollemento familiar.

As familias de acollida atópanse con innumerables dificultades. Ás familias e ás asociacións fan presentes as dificultades o acceso a medidas de servizos públicos en diversas áreas (conciliación familiar e laboral, de sanidade ou educación, de lecer, deportes ou acceso a distintas axudas ou subvencións, descontos...) por iso presentamos ante este pleno a presente proposición relativa a equiparar real e efectivamente ás persoas menores de idade en acollemento familiar a condición de fillo ou filla nos servizos públicos municipais, dende un enfoque transversal que permita activar certas accións de “discriminación positiva”, para fortalecer e promocionar o acollemento familiar na medida do posible.

Queremos tamén equiparar o tratamento de todas as situacións de acollida, independentemente de que se trate de acollida permanente, preadoptiva ou acollida temporal ou de urxencia, non para compensar o a labor social realizada polas familias, senón tamén para incrementar a calidade da atención dos menores. Completamos a nosa proposta de avanzar na protección social e económica das familias acolledoras equiparándoas ao resto das familias de especial protección, dándolle os mesmos beneficios que as familias numerosas ou monoparentais.

A todos os efectos queremos dar a consideración de fillas ou fillos da familia acolledora dos e das menores en acollemento familiar durante o seu período de convivencia, o que conleva o acceso ós servizos municipais en igualdade de condicións que o resto da descendencia.

Esta moción foi promovida pola asociación de familias acolledoras ACOUGO, entidade que promove a visibilidade do acollemento familiar e medidas que favorezan a súa calidade de vida.

Por todo o exposto instamos o Concello de Teo , á adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Daraslle condición ás familias acolledoras de especial protección, en igualdade de trato cos outros tipos de familias que gozan desta cualidade: familias numerosas e monoparentais, e promoveranse medidas de discriminación positiva que faciliten a vida comunitaria a nivel local das persoas que acollen e as acollidas.
2. Modificación de todos os impresos dos servizos municipais nos que sexa necesario e congruente engadir o termo familia acolledora, persoa acolledora ou fillo/a en acollida. Do mesmo xeito terase en conta estes termos sempre que sexa necesario utilizar os análogos referidos a realidades familiares, nas normativas e regulamentos.
3. Modificación das ordenanzas fiscais que gravan o uso de bens e servizos municipais para incluír a realidade das familias de acollida na redacción das mesmas, garantindo a presenza desta posibilidade entre as tipoloxías de familias, e concretando as medidas de protección que lles afecten.
4. Promover a formación do persoal dos servizos Sociais municipais no coñecemento dos programas e nos procesos de acollemento familiar, facilitando a función de información e asesoramento que lle atribúe o ordenamento xurídico.
5. Trasladar á Xunta de Galicia a solicitude deste Concello de que se conten cos servizos Sociais comunitarios básicos, como recurso con competencias e atribucións nos procesos de acollemento familiar”.

O sr. Iglesias salienta que esta moción é promovida pola asociación de familias acolledoras Acougo, que fixo chegar un texto ao Concello e dalgún xeito se asume e se plantexa. Sinala que a explicación básica é que, dende un punto de vista simbólico, as familias acolledoras non existen, non aparecen en ningún recadro, non aparecen nos impresos, nas situacións familiares. Entón, unha das cousas que piden, basicamente, é que se lles dea visibilidade simbólica e que apareza ese tipo de posibilidade ou de realidade na documentación do Concello e nas súas ordenanzas.

Por outra banda, dende un punto de vista xa máis material, trátase de que as familias acolledoras teñan o mesmo criterio de familias que as monoparentais e as numerosas,

xa que son consideradas familias de especial protección.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Intervén a concelleira do PP, sra. Nariño, quen di que o seu grupo tamén vai a apoiar a proposta, engadindo que en todo caso quere puntualizar un par de cuestións sobre a moción. Unha delas é aclarar que si que é certo que hai unha frase que se refire ó estado español, onde di que tradicionalmente atende ós nenos e nenas nun programa de protección a través de institucionalización en centros, e queren deixar un pouco claro que realmente non é correcto, é dicir, a administración central non ten competencias no ámbito da protección de menores, a competencia é das Comunidades Autónomas, neste caso correspondente á Xunta, porque o goberno central só tería competencia en establecer a normativa básica. Explica a sra. Nariño que, tratándose das cifras que se falan a nivel de acollemento, as cifras actuais, os datos que hai agora mesmo en Galicia, amosan unha realidade na que maioritariamente o acollemento familiar fronte ó residencial é maior, puntualizando, porque probablemente non se faga distinción respecto a outros acollementos.

Os datos que se plasman é que no 2020 houbo 1212 menores en réxime de acollemento residencial e en réxime familiar 1359, co cal a cifra sería maior. É certo que hai a distinción do acollemento en familia allea e familia extensa, é dicir, que a veces o que non se fai é ter en conta á familia extensa, que tamén é un acollemento familiar.

Sinala a sra. Nariño que, con respecto ó punto primeiro do acordo proposto, os concellos realmente non teñen competencia para definir as familias de especial consideración, que é unha competencia do lexislador autonómico que neste caso é a Xunta, e que é algo que xa se realizou coa lei 3/2011, do 30 de xuño, lei que era de apoio á familia e convivencia. É dicir, que xa as familias acolledoras están consideradas como familias de especial consideración en Galicia.

Salienta a sra. Nariño que con todo isto quere dicir que todas as medidas que vaian en beneficio das familias acolledoras por suposto que as van a apoiar, engadindo que todo é mellorable substancialmente. Explica que a Xunta nos orzamentos deste 2021 adica

3,75 millóns de euros ás familias acolledoras, engadindo que claro que poden ser máis, porén se está a traballar nesa liña.

O sr. Iglesias sinala que precisamente do que se trata é de diferenciar familias acolledoras en familia extensa, que teñen unha regulación e teñen unha vinculación distinta. Non é o mesmo acoller ao teu sobriño que acoller a un neno ou nena co que non téns ningún vínculo familiar. Entón diso se trata, e este é o número, son 330 familias acolledoras que non son acollementos en familia extensa. O sr. Iglesias di que precisamente se xuntan todos os datos e parece que saen máis, pero cando se separan vese que a realidade é distinta.

O sr. Iglesias di que o acollemento familiar en familia extensa non é a mesma medida que o acollemento familiar, nin está no mesmo programa nin ten as mesmas connotacións, empezando porque o de familia extensa non ten compensación económica de ningún tipo, tratándose coma unha adopción. Entón aos nenos que están en acollemento familiar non lles pagan nin as gafas e os que están en acollemento de familia extensa si que hai outro tipo de protección e de programa.

Sinala que o tema do Estado español é basicamente que a Unión Europea a quen lle da o toque é ao Estado español, non ás Comunidades Autónomas, porque a lexislación de protección, a específica, é autonómica, e a xenérica é do Estado, e o Estado si pode promover e activar programas, de feito estano facendo. Pensa que agora mesmo hai un sobre alugueiro de pisos porque hai problemas para que se lles aluguen pisos a menores que proceden de centros e hai carteis polo Concello que fixeron chegar estas semanas, e tamén é outro programa de apoio a eses menores.

Salienta o sr. Iglesias que no punto primeiro do acordo o que se quería era recalcar, aínda que quizais non estea ben redactado, era asimilar a nivel local o termo de familias de especial protección, que si que aparece nalgún regulamento referido ás monoparentais e ás numerosas.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1.- Daraslle condición ás familias acolledoras de especial protección, en igualdade de trato cos outros tipos de familias que gozan desta cualidade: familias numerosas e monoparentais, e promoveranse medidas de discriminación positiva que faciliten a vida comunitaria a nivel local das persoas que acollen e as acollidas.

2.- Modificación de todos os impresos dos servizos municipais nos que sexa necesario e congruente engadir o termo familia acolledora, persoa acolledora ou fillo/a en acollida. Do mesmo xeito terase en conta estes termos sempre que sexa necesario utilizar os análogos referidos a realidades familiares, nas normativas e regulamentos.

3.- Modificación das ordenanzas fiscais que gravan o uso de bens e servizos municipais para incluír a realidade das familias de acollida na redacción das mesmas, garantindo a presenza desta posibilidade entre as tipoloxías de familias, e concretando as medidas de protección que lles afecten.

4.- Promover a formación do persoal dos servizos Sociais municipais no coñecemento dos programas e nos procesos de acollemento familiar, facilitando a función de información e asesoramento que lle atribúe o ordenamento xurídico.

5.- Trasladar á Xunta de Galicia a solicitude deste Concello de que se conten cos servizos Sociais comunitarios básicos, como recurso con competencias e atribucións nos procesos de acollemento familiar.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da Alcaldía do 18 de xuño de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 24 de xuño de 2021.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL.

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para establecer e esixir prezos públicos, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Atendendo a que a modificación que se propón supón a adaptación da Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral en diversos aspectos da mesma.

Considerando que, de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), a modificación proposta non vai ter un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e regula aspectos parciais dunha materia, ao tratarse dunha modificación dunha ordenanza fiscal.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 4º. – Criterios e variables para a determinación do importe do prezo público

Para a determinación do importe mensual do prezo público mensual que recolle o artigo 5, teranse en conta os seguintes criterios e variables:

1.- A renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos proxenitores convivintes e:

- 1. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.*
- 2. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os que convivan na vivenda familiar e non teñan ingresos.*
- 3. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.*
- 4.- Os nenos e nenas en acollemento familiar, serán considerados como fillos ou fillas da unidade familiar das persoa ou persoas acolledoras.*

b) A renda serán os ingresos totais da unidade familiar do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no que se pretenda que produza efectos. Calcularase como a suma das rendas de cada membro da unidade, e para elo se terán en conta a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración do IRPF correspondente.

Polo tanto, os ingresos totais anuais se acreditarán mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) A renda per cápita anual calculase dividindo os ingresos totais polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia

monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por 12.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 5º.-Importe do prezo público.

As tarifas do prezo público para cada servizo , son as que se expoñen de seguido:

1) Conciliación durante os períodos lectivos:

a. Teo madruqa

Usuarios/as fixos/as:

- a.1. *O prezo mensual polo servizo de gardería e almorzo é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.*
- a.2. *A utilización do servizo de gardería sen almorzo terá un prezo mensual de 40 €.*
- a.3. *No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos*

Usuarios/as ocasionais:

O prezo pola prestacións do servizo de gardería e almorzo será de 4 € con almorzo e de 3.5 sen servizo de almorzo. Neste caso non se aplicarán as exencións e bonificacións excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar.

a. Teo coida

Usuarios/as fixos/as:

- a.3.a. *A utilización do servizo de gardería terá un prezo mensual de 40 € .*

a.3.b. *O prezo mensual polo servizo de gardería e merenda (no caso de necesitar este servizo) é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.*

a.3.c. *No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos*

Usuarios ocasionais:

O prezo pola prestacións do servizo de gardería será de 3.5 €, e se é con merenda 4 €. Neste caso non se aplicarán as exencións e bonificacións excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar”.

2) Conciliación durante os períodos non lectivos. Diverteo

O prezo do servizo de Diverteo, que incluíra atención educativa e de tempo libre, almuerzo e xantar, será de 9 € diarios. O computo total será a multiplicación desta cifra polo número de días lectivos de cada unha das convocatorias.

A utilización do servizo completo sen almuerzo serán 8.5 € diarios

A utilización do servizo completo sen xantar 5.5 € ao día.

A utilización do servizo, sen comedor (so atención educativa), será de 5 € por día”.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6.2 introducindo, a maiores das existentes, a seguinte nova bonificación:

“Os usuarios e usuarias que pertencen a familias nas que estea acollido un/unha ou máis menores terán unha bonificación do 25% da cota resultante. Xustificarse coa documentación acreditativa do acollemento”.

CUARTO: Aprobar inicialmente a supresión do artigo 8.A) denominado “revisión de prezos”, co cal o artigo 8 quedaría coa seguinte redacción:

Artigo 8 Alteración das variables de cálculo do importe

O importe a pagar polos usuarios do servizo poderá modificarse ao longo do curso cando varíen as súas circunstancias familiares ou económicas, que determine unha variación no cálculo do prezo final e os descontos aplicables.

QUINTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 9 Período impositivo e nacemento da obriga de contribuir.

As matrículas do Teo madruza e Teo coida feitas no período ordinario poderán indicar unha data de alta no servizo distinta da prevista para o inicio do curso académico, que non poderá ser posterior ao 1 de outubro, aboando o servizo dende o día que se comece a utilizar o servizo .

Os usuarios/as fixos/as poderán variar a frecuencia de utilización do servizo sempre que a organización do servizo o permita e o soliciten mediante escrito motivado presentado no Rexistro xeral do Concello con antelación de sete días naturais. O Concello poderá negarse no caso de que as solicitudes de cambios na utilización do servizo supoñan problemas para a organización do mesmo, ou orixine problemas de compatibilidade no uso do servizo por parte dos/as outros/as usuarios/as. Para darse de baixa terá que comunicalo por escrito no Rexistro Xeral do Concello. A efectos do cobro, os cambios de frecuencia da utilización do servizo por parte dos/as usuarios/as fixos xurdirán efecto no mes seguinte sempre que se faga cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior . No caso de cambios no medio dun mes en curso, os comunicadas entre o día 1 e 15, xurdirán efectos na segunda quincena do mes. Os comunicados con posterioridade ao día 15, xurdirán efectos ao mes seguinte.

A baixa provoca a extinción da obriga de pagamento sempre que se faga cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior en que a baixa xurdirá efectos. No caso de baixas no medio dun mes en curso, as comunicadas entre o día 1 e 15, darán lugar ao pagamento do 50% da mensualidade. Nas comunicadas con posterioridade ao día 15, o pagamento será da mensualidade completa.

As baixas de Diverteo unha vez comezada a actividade non darán lugar a devolución do pago realizado como matrícula. As que se produzan antes poderán dar lugar a devolución cando esta baixa estea xustificada por un motivo de forza maior ou de enfermidade de calquera persoa da unidade familiar. As baixas deberán presentarse por escrito no Rexistro xeral do Concello.

SEXO: Aprobar inicialmente introdución dun artigo 10 coa seguinte redacción:

Artigo 10. Réxime de pagamento e xestión.

Nos servizos de “Teo madruga” e “Teo Coida” a solicitude de matrícula ou solicitude de inscrición dos/as usuarios/as fixos/as dará lugar o alta no censo correspondente, emitíndose a mes vencido as correspondentes liquidacións que se xestionarán por padrón.

No servizo de “Diverteo” o prezo público xestionarase mediante autoliquidación. O pagamento das cotas de Diverteo farase no prazo que se indique na convocatoria, unha vez confirmada a praza. As persoas obrigadas ao pagamento deberán entregar antes de rematado o mencionado prazo, o xustificante de telo realizado nas oficinas municipais.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, dará lugar á perda do dereito a dispoñer do servizo. Para unha nova alta os/as usuarias deberán estar ao corrente no pagamento dos presentes servizos.

SÉTIMO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

OITAVO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei”.

O sr. Iglesias explica que estase a implementar un novo sistema de control de cobros do Concello e isto motiva que se fixera un cambio na ordenanza reguladora do prezo público da utilización dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral, engadindo que realmente o cambio importante é o último, que é o artigo 10, que é o que motiva dito cambio.

Da lectura o sr. Iglesias ao artigo 10 e explica que ata agora facíanse autoliquidacións e a partir de agora emitiranse as liquidacións, que se farán en función do censo que se constrúa cos datos dos usuarios deses programas, engadindo que no servizo de Diverteo segue o sistema de autoliquidación porque é practicamente imposible construír censos en cada edición. Sinala que isto, que si que significa un cambio e que tamén é bastante demandado polas familias, é o que motiva o cambio na ordenanza reguladora. Explica o sr. Iglesias que, aproveitando que se vai a modificar este aspecto, pásase a modificar o artigo 4, que basicamente implementa o que se aproba na moción anterior e xa se aplica, porque así déixase lista, engadindo que non aparecía a expresión “nenas e nenos en acollemento” e agora si que aparecerá.

Explica o sr. Iglesias que o importe do prezo público sae no artigo 5, cambia simplemente nunha frase, que se lle retira do enunciado, “*que as tarifas de prezo público por cada servizo son as que se expoñen de seguido*” e antes era unha reiteración. É o único cambio, non se tocan as contías nin os cálculos. Así mesmo, no artigo 6.2 introdúcese a bonificación do 25% para menores que estean acollidos nunha familia, o mesmo 25% das familias numerosas e familias monoparentais.

Explica o sr. Iglesias que no cuarto punto especificase que no artigo 8 se actualizarían as tarifas periodicamente e automaticamente mediante o incremento do IPC. Sinala que a tesoureira mantén que iso non debe de estar aí, ademais non se estaba a facer, entón era unha obriga que non se estaba cumprindo, é dicir estas tarifas non se actualizaron dese xeito, senón coa aprobación no Pleno. O artigo 9 cambia a redacción do primeiro parágrafo, que dicía o mesmo pero dun xeito máis difícil. O sr. Iglesias da lectura ao artigo 9 e explica que quere dicir que no período ordinario se pode sinalar unha data de comezo do servizo fóra do día inicial, é dicir, como hai períodos de adaptación durante os primeiros días nos colexios, non é obrigatorio darse de alta no servizo o día que empeza o colexio, senón que ata o 1 de outubro pódese escoller o día de alta. Iso dentro do período ordinario. Sinala o sr. Iglesias que ten importancia porque neste período da dereito a unha praza automaticamente e fóra dese período só terían praza se hai espazo baleiro. Reitera o sr. Iglesias que se modifica o artigo porque dicía o mesmo pero cunha redacción máis enrevesada. Sinala que nese mesmo artigo hai un cambio en canto a que as baixas comunicadas con posterioridade ó día 10 se dicía que o pagamento sería

a mensuralidade completa e agora cámbiase para o día 15.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño anuncia a abstención do seu grupo.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 4º. – Criterios e variables para a determinación do importe do prezo público

Para a determinación do importe mensual do prezo público mensual que recolle o artigo 5, teranse en conta os seguintes criterios e variables:

1.- A renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos proxenitores convivintes e:

- 1. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.*
- 2. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os que convivan na vivenda familiar e non teñan ingresos.*

3. Os/as fillos/as maiores de dezaoito anos discapacitados cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

4.- Os nenos e nenas en acollemento familiar, serán considerados como fillos ou fillas da unidade familiar das persoa ou persoas acolledoras.

b) A renda serán os ingresos totais da unidade familiar do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no que se pretenda que produza efectos. Calcularase como a suma das rendas de cada membro da unidade, e para elo se terán en conta a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración do IRPF correspondente.

Polo tanto, os ingresos totais anuais se acreditarán mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) A renda per cápita anual calculase dividindo os ingresos totais polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por 12.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 5º.-Importe do prezo público.

As tarifas do prezo público para cada servizo , son as que se expoñen de seguido:

1) Conciliación durante os períodos lectivos:

b. Teo madrugada



Usuarios/as fixos/as:

- a.4. O prezo mensual polo servizo de gardería e almorzo é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.
- a.5. A utilización do servizo de gardería sen almorzo terá un prezo mensual de 40 €.
- a.6. No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos

Usuarios/as ocasionais:

O prezo pola prestacións do servizo de gardería e almorzo será de 4 € con almorzo e de 3.5 sen servizo de almorzo. Neste caso non se aplicarán as exencións e bonificacións excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar.

b. Teo coida

Usuarios/as fixos/as:

- a.6.a. A utilización do servizo de gardería terá un prezo mensual de 40 € .
- a.6.b. O prezo mensual polo servizo de gardería e merenda (no caso de necesitar este servizo) é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.
- a.6.c. No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos

Usuarios ocasionais:

O prezo pola prestacións do servizo de gardería será de 3.5 €, e se é con merenda 4 €. Neste caso non se aplicarán as exencións e bonificacións excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar”.

2) Conciliación durante os períodos non lectivos. Diverteo

O prezo do servizo de Diverteo, que incluíra atención educativa e de tempo libre, almorzo e xantar, será de 9 € diarios. O computo total será a multiplicación desta cifra polo número de días lectivos de cada unha das convocatorias.

A utilización do servizo completo sen almorzo serán 8.5 € diarios

A utilización do servizo completo sen xantar 5.5 € ao día.

A utilización do servizo, sen comedor (so atención educativa), será de 5 € por día”.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6.2 introducindo, a maiores das existentes, a seguinte nova bonificación:

“Os usuarios e usuarias que pertenzan a familias nas que estea acollido un/unha ou máis menores terán unha bonificación do 25% da cota resultante. Xustificarse coa documentación acreditativa do acollemento”.

CUARTO: Aprobar inicialmente a supresión do artigo 8.A) denominado “revisión de prezos”, co cal o artigo 8 quedaría coa seguinte redacción:

Artigo 8 Alteración das variables de cálculo do importe

O importe a pagar polos usuarios do servizo poderá modificarse ao longo do curso cando varíen as súas circunstancias familiares ou económicas, que determine unha variación no cálculo do prezo final e os descontos aplicables.

QUINTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 9 Período impositivo e nacemento da obriga de contribuír.

As matrículas do Teo madrua e Teo coida feitas no período ordinario poderán indicar unha data de alta no servizo distinta da prevista para o inicio do curso académico, que non poderá ser posterior ao 1 de outubro, aboando o servizo dende o día que se comece a utilizar o servizo .

Os usuarios/as fixos/as poderán variar a frecuencia de utilización do servizo sempre que a organización do servizo o permita e o soliciten mediante escrito motivado presentado no Rexistro xeral do Concello con antelación de sete días naturais. O Concello poderá negarse no caso de que as solicitudes de cambios na utilización do servizo supoñan problemas para a organización do mesmo, ou orixine problemas de compatibilidade no uso do servizo por parte dos/as outros/as usuarios/as. Para darse de baixa terá que comunicalo por escrito no Rexistro Xeral do Concello. A efectos do cobro, os cambios de frecuencia da utilización do servizo por parte dos/as usuarios/as fixos xurdirán efecto no mes seguinte sempre que se faga cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior. No caso de cambios no medio dun mes en curso, os comunicadas entre o día 1 e 15, xurdirán efectos na segunda quincena do mes. Os comunicados con posterioridade ao día 15, xurdirán efectos ao mes seguinte.

A baixa provoca a extinción da obriga de pagamento sempre que se faga cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior en que a baixa xurdirá efectos. No caso de baixas no medio dun mes en curso, as comunicadas entre o día 1 e 15, darán lugar ao pagamento do 50% da mensuralidade. Nas comunicadas con posterioridade ao día 15, o pagamento será da mensuralidade completa.

As baixas de Diverteo unha vez comezada a actividade non darán lugar a devolución do pago realizado como matrícula. As que se produzan antes poderán dar lugar a devolución cando esta baixa estea xustificada por un motivo de forza maior ou de enfermidade de calquera persoa da unidade familiar. As baixas deberán presentarse por escrito no Rexistro xeral do Concello.

SIXTO: Aprobar inicialmente introdución dun artigo 10 coa seguinte redacción:

Artigo 10. Réxime de pagamento e xestión.

Nos servizos de “Teo madruga” e “Teo Coida” a solicitude de matrícula ou solicitude de inscrición dos/as usuarios/as fixos/as dará lugar o alta no censo correspondente, emitíndose a mes vencido as correspondentes liquidacións que se xestionarán por padrón.

No servizo de “Diverteo” o prezo público xestionarase mediante autoliquidación. O pagamento das cotas de Diverteo farase no prazo que se indique na convocatoria, unha vez confirmada a praza. As persoas obrigadas ao pagamento deberán entregar antes de rematado o mencionado prazo, o xustificante de telo realizado nas oficinas municipais.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, dará lugar á perda do dereito a dispoñer do servizo. Para unha nova alta os/as usuarias deberán estar ao corrente no pagamento dos presentes servizos.

SÉTIMO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

OITAVO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

Sendo as vinte horas e vinte minutos, abandona o salón de Pleno a interventora municipal D.^a Mónica I. Lado Varela.

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN DEFENSA DA CANTEIRA DA CASALONGA.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.^a Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo do 10 de xuño 2021 (rex. entrada nº 2.718, de 10/06/2021), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola

Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos do 24 de xuño de 2021.

**“MOCION DO PSDEG-PSOE DE TEO
PARA A DEFENSA DA CANTEIRA DA CASALONGA**

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Teo en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN.

Tendo constancia a través dunha comparecencia no Parlamento de Galicia da Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Minerais, Paula Uría, de varias cuestións:

- primeiro, a existencia dun terceiro plan de restauración presentado por Toysal en maio de 2020, que a día de hoxe aínda non foi comunicado ao Concello nin tivo ningún tipo de exposición pública.

Trataríase, en palabras da Directora Xeral dunha mera actualización sen tramitación medioambiental do actualmente en vigor, do ano 1998, que conta cunha Declaración de Impacto Ambiental do ano 2001, claramente obsoleta.

- segundo, que a nova Directora Xeral considera que en base aos informes presentados pola empresa Toca Salgado SL, a pista da canteira, obxecto dun expediente expropiatorio, é de titularidade privada, sen ter en conta os títulos presentados polo Concello de Teo en defensa deste ben da súa titularidade e uso veciñal.

Logo de ver a inexistencia de cambios normativos tanto na lexislación estatal como na autonómica, que eviten que tras a aparencia dunha restauración medioambiental, as antigas canteiras acaben como vertedoiros de residuos.

Tras tres anos de loita veciñal e política, consideramos que estamos ante un momento crucial na defensa medioambiental da Casalonga, polo que por todo o exposto o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación no Pleno a seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Reafirmar o compromiso do Pleno Municipal na defensa do viario municipal da canteira, apoiando as medidas legais e administrativas que se adopten na defensa deste ben municipal pola Corporación Municipal, en cumprimento da súa obriga de defensa e custodia dos seus bens e dereitos.

Segundo.- Reclamar ás Consellerías de Industria e de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a tramitación dun novo plan de restauración, cunha nova declaración de impacto ambiental, para a súa adaptación aos cambios tanto normativos como socioeconómicos, e que asegure a axeitada protección medioambiental da Canteira e do seu entorno.

Terceiro.- Reclamar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España os cambios normativos necesarios para evitar a deturpación dos obxectivos da recuperación medioambiental das canteiras mineiras, co fin de evitar posibles vertedoiros encubertos.

Cuarto.- Amosar o apoio ás veciñais e veciños afectados, organizados na Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, nas súas reivindicacións destinadas a defender os seus dereitos e a súa calidade de vida”.

A sra. Lemus sinala que antes de pasar a ler o acordo que se presenta neste Pleno para a súa aprobación, quere facer referencia á motivación do grupo municipal para presentar esta moción.

Explica a sra. Lemus que nos últimos dous meses houbo dúas comparecencias no Parlamento de Galicia e tanto a Directora Xeral de Planificación Enerxética, como a Directora Xeral de Calidade Ambiental, as novas directoras xerais, Paula Uría, que substitúe ao imputado Tahoces, e a Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sagrario. Na primeira intervención de Paula Uría comunícase publicamente que hai un plan de restauración novo, un terceiro plan de restauración, debéndose lembrar que está paralizado a planta de biogas, dos de restauración estase no terceiro, presentado en maio de 2020 e que no momento no que se presentou esta moción non estaba comunicado ao Concello.

Segue dicindo que é certo que despois dunha solicitude por parte do alcalde en base ao artigo 44 da Lei de xurisdición contencioso-administrativa, anunciando un contencioso administrativo, unha semana despois si que a Dirección Xeral de Planificación Enerxética,

a través do delegado provincial, mandou o plan de restauración, toda a tramitación do plan de restauración novo dende maio de 2020.

Sinala a sra. Lemus que, en palabras da directora xeral, é unha mera actualización do plan de restauración, sen nin necesidade de tramitación medioambiental nin da actualmente en vigor, que é do século pasado, comezando no ano 1998, cunha declaración de impacto ambiental do ano 2002, e posteriormente ademais conforme ao que se indicou no expediente enviado ao Concello, non vai haber exposición pública do mesmo, xa que dende a Dirección Xeral de Minas, agora chamada de Planificación Enerxética, se comunica que non é necesario, considerando que non hai cambios substanciais, polo tanto non é necesaria unha exposición pública nin declaración de impacto ambiental novo.

Explica a sra. Lemus que, posteriormente, houbo outra comparecencia da Directora Xeral de Calidade Ambiental, na que se reafirma a idea de que non é necesaria unha declaración de impacto ambiental novo, que hai unha mera actualización do Plan de restauración. Salienta que non se ten en conta para nada nin a situación actual da canteira, totalmente diferente á do ano 1998, nin a consideración de cantidade de residuos que hai, nin a existencia de dúas lagoas, os cambios medioambientais básicos ou os cambios socioeconómicos da contorna, porque hai que lembrar que a declaración de impacto medioambiental é un elemento que non ten en conta soamente criterios medioambientais puros, senón tamén socioeconómicos.

Sinala a sra. Lemus que, doutro lado, a directora xeral de planificación enerxética, na súa intervención deixou ben claro que ían a seguir co procedemento expropiatorio da denominada pista da canteira, respecto da cal o Concello no Pleno do mes de novembro do 2020, por unanimidade, aprobou que se consideraba pública, así como a súa defensa como ben municipal. Aclara que esta actuación se leva a cabo pola Xunta en base a dous informes que pediron eles, e que o Concello non ten, aínda que se supón que deben de ser os informes dos que sempre tirou Toysal todo este tempo.

Explica a sra. Lemus que, como terceiro elemento, ademais básico para esta moción, foi a pregunta do BNG no Parlamento estatal na que o goberno español, do seu partido,

anuncia que de momento entendían que cumprían perfectamente o RD do 2009, que sempre se fala del, o 975, que cumpría perfectamente as funcións para protección medioambiental das canteiras respecto ós plans de restauración, aínda que é verdade que ó final se deixa aberta unha especie de posibilidade, despois da reforma da Lei de residuos actualmente en tramitación, de modificar o real decreto. Sinala a sra. Lemus que se trata dunha consideración coa que non están de acordo os socialistas de Teo. Salienta que polo tanto decidiron presentar a moción, por iso e, doutra banda, tamén porque nos últimos días antes desa moción se discutiu a través de varias notas de prensa, pensa que nunha principalmente, a consideración pública do viario, con algún elemento que pensa que debería de ser polo menos debatido en Pleno, parecéndolle interesante, e que ademais vai esclarecer bastante ben o carácter público do mesmo e a defensa que se está facendo por parte deste goberno e da Corporación, unanimemente, dun ben público de uso veciñal, e por tanto decidiron presentar esta moción,

A continuación a sra. Lemus da lectura aos acordos que se propón na moción anteriormente transcrita.

Aberta a quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que vai comezar dicindo que o feito de que a señora Uría diga o que di non fai máis que corroborar o que moitas veces dixo o BNG nesta institución, que o PP ten un problema de coherencia e o que fai é construír unha realidade alternativa. Como vén sendo habitual enganar á veciñanza dicindo neste Pleno unha cousa pero votando o contrario no Parlamento de Galiza e aquí din que non queren un vertedoiro, e non dubida de que os señores e señoras do PP a título persoal non o queiran, evidentemente, nin tampouco os concelleiros e concelleiras do PSOE, máis teñen que ter claro que o teñen, que defenden as posicións políticas dun partido que está claramente a favor destas institucións, que legisla e actúan en consecuencia, e que sempre actúa favorecendo as empresas por riba dos intereses das galegas e dos galegos neste tema e en moitos outros dos que xa se tratou no pleno, como a enerxía eólica.

Sinala o sr. Barreiro que tanto é así que hoxe mesmo se coñeceu que o ex Director Xeral de Minas da Xunta, Ángel Bernárdez Tahoces, e o Secretario Xeral de Xestión e Calidade Ambiental, Justo de Benito Basanta, están sendo investigados polo xulgado como

presuntos autores dun delito de prevaricación ambiental pola utilización por parte da Xunta, en 2011, da reapertura da mina de Barilongo, en Santa Comba, sen a axeitada avaliación de impacto ambiental, pese á existencia de informes que alertaban de que a explotación podía contaminar as augas, engadindo que tamén foi investigado Angel Tahoces pola reapertura da Mina de San Fins, en Lousame, polo que están como para fiarse da autoridade competente que a lexislación estatal establece como vixiante das normas e das normativas.

Sinala o sr. Barreiro que o BNG pensa que o PSOE é un pouco máis ou menos o mesmo, aquí en contra e en Madrid a favor. Aínda así, o BNG alédase de que despois de 2 anos admitan que por fin teñen unha responsabilidade neste asunto e que lles dean a razón, non porque precisen que lle dean a razón, senón polo ben dos veciños e das veciñas da Casalonga.

Explica o sr. Barreiro que no Pleno de febreiro de 2019 o compañeiro do BNG, Manuel Anxo Fernández Baz, introduciu unha emenda na moción conxunta do BNG-Son de Teo e PSOE, titulada “*rexeitamento da campaña dirixida ó alumnado sobre a minería sostibel*”, con número de entrada 1079, campaña que, por certo, contaba co apoio da Xunta de Galiza, que os populares si que saben sempre de que lado están. O sr. Barreiro sinala que a emenda dicía “*solicitar o goberno do Estado a modificación da normativa estatal RD 975/2009, de 12 de xuño, e 105/2008, de 1 de febreiro, que son utilizados de forma fraudulenta para a instalación de vertedoiros encubertos a través do mecanismo dos plans de restauración*”, engadindo que máis ou menos é o que di o terceiro punto da moción que se está a debater, polo que isto xa non é novo, xa vén de dous anos atrás.

Considera o sr. Barreiro que haberá que preguntarse que se fixo ate hoxe, porque a resposta do seu goberno á pregunta do deputado do BNG, Néstor Rego, é clara e concisa, como ben dixo a sra. Lemus, e cita “*es decir, se puede construir un vertedero en un espacio afectado por la actividad minera, cumpliendo con todos los requisitos de un vertedero, o se pueden valorizar residuos inertes siempre que sustituyan a materias primas vírgenes, pero contando en ambos casos con la autorización correspondiente de la autoridad competente*”, e un pouco máis adiante di “*por todo ello se considera que existen mecanismos suficientes para garantizar las regeneraciones de estados afectados*

por la minería que no suponen un riesgo para la creación de vertederos encubiertos en nuestro país”.

O sr. Barreiro sinala que o que di o Estado está claro, o Concello leva dous anos agardando a que se cambie esta normativa, como por certo se prometeu en período electoral, e por suposto que se lles debe de enviar unha e outra vez, e as que faga falla, máis habería que deixar de prometer en período electoral, e por unha vez cumprir. Considera que se ben a uns lles custa bastante a terceira conxugación, que é a do verbo dimitir, aos outros tamén lles custa bastante porque tamén é a do verbo cumprir, e tamén custa cumprilos acordos asinados, como pasa así mesmo noutros temas.

Considera o sr. Barreiro que está ben que se pidan os plans de restauración, porque teñen que estar necesariamente adaptados á normativa vixente e actualizados. O Concello pode pedirlle un cada ano se quere, pero sempre vai ser o mesmo resultado, o plan vai a estar adaptado á normativa, polo tanto ou se cambia a normativa ou o plan o que vai dicir é o que di a normativa, e por aí se chega a un calexón sen saída.

Considera o sr. Barreiro que entón a pregunta é que se fixo dende o Concello para protexer este espazo natural, de canteira abandonada, e que se está a facer, e se se está a facer todo o posible. Pregunta porque non se contemplan outras vías, outras vías que xa pediu o BNG no Pleno, e por que non se traballa na liña de protección das masas de auga. Sinala que Toysal sabe que esta é unha das vías que pode mobilizar o Concello, e sábeo tan ben que xa tentou baleirar as lagoas unha vez e parouse cunha actuación dos veciños, que derivou nunha denuncia e nunha posterior sanción.

Salienta o sr. Barreiro que no BNG seguen pensando o mesmo que hai dous e que hai tres anos, hai que cambiar a normativa, que o PSOE en Madrid pode e non quere cambiar. Se é necesario hai que ir a un contencioso-administrativo para pedir a paralización da concesión e paralelamente hai que protexer as masas de auga e consolidar a defensa da restauración que xa está feita pola propia natureza logo de anos de abandono, e pedir a inclusión destas lagoas no rexistro de humedais de Galiza. O sr. Barreiro sinala que dende o BNG pregan que ademais desta vía de solicitarlle plans actualizados de restauración que tamén se tomen outras vías e se consideren outras posibles fórmulas,

engadindo que habendo máis cabezas pensando é moito máis probable que cheguen a unha solución mellor, polo que non sabe por que non se contemplan outras vías.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez sinala que dende o seu grupo non teñen nada que obxectar e anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén a portavoz de Son de Teo, sra. Otero, quen anuncia o apoio do seu grupo.

A sra. Lemus, respondendo ao falado polo portavoz do BNG, sinala que xa se pediu dende o Concello o rexistro de humedais de Galiza, en decembro do ano pasado, en base a un informe dun biólogo, e reiterouse este mes a Augas de Galicia.

Tratándose do baleirado da lagoa sinala que é verdade que houbo unha mobilización veciñal que ela coida que provocou a rápida reacción de Augas de Galicia, porén o baleirado non se paralizou por Augas de Galicia, houbo un expediente posterior, pero non se paralizou nese momento, o que houbo é un peche por parte do Concello desa válvula de baleirado.

Sinala a sra. Lemus que en canto á posibilidade dun contencioso-administrativo é un tema moi revisado no Concello e é verdade que é un dos elementos máis curiosos de todo este expediente, xa que as resolucións que podían ser obxecto dun contencioso administrativo nunca chegan a este Concello. Dende hai máis de ano e medio agárdase a resolución do arquivo do expediente de caducidade da concesión mineira e, para que se vexa como anda a cousa, agora mesmo o que mandaron foi o expediente do terceiro plan de restauración. O alcalde pediu aos poucos días que se lle informe sobre a resolución que caía nese plan de restauración, porque é moi probable, como xa pasou moitas veces, que non se enteren de cando vaian aprobar o plan de restauración, e isto non é porque dende o Concello se pense mal de principio senón que está a experiencia dos últimos tres anos. Referíndose ao plan de restauración sinala no que non se vai a realizar exposición pública, vaise pedir que se cumpra o decreto do 2009 porque non van a ter unha exposición pública, por falta de argumentarios xa que está sen motivar, e por

outro lado porque a declaración de impacto ambiental está obsoleta e ela cree que non queren repoñela, pensa que están fuxindo da tramitación medioambiental, engadindo que cada vez o ten máis claro. Explica que cada vez que van a medio ambiente, sobre todo en Patrimonio Natural, tiñan un muro, facían os informes moito máis estritos, pedían unha serie de requisitos, no último xa foi unha serie de requisitos sobre todo o inventario completo de especies, que iso Toysal cree que non o quere cumprir, e de aí que moitas veces cando din que hai que ir a un contencioso-administrativo gustaríalle moito saber contra que, porque non se sabe nin cales son os motivos que levaron a determinadas decisións da Xunta porque nunca chegaron esas resolucións ao Concello de Teo, por moi solicitadas que foron.

Salienta a sra. Lemus que é ben curioso tamén que sempre que hai unha mobilización veciñal Minas responda rápido, Minas arquivou o segundo plan de restauración cando ía haber aquela manifestación do 15 de marzo de 2020, manifestación suspendida finalmente, que foi cando se entrou en estado de alarma, e Minas manda o terceiro plan de restauración cando está convocada xa a Manifestación do 13 de setembro do 2021.

A sra. Lemus di que en todo caso agradece a boa disposición de todas as forzas políticas e agarda que esta boa disposición non sexa soamente amosada neste Pleno. Recoñece a sra. Lemus que o seu partido en Madrid non está facendo o correcto, que non é agradable e non é o mellor que lles pode pasar, e ela non defende esa posición, e ningún do seu grupo a vai defender, e farán todo o posible para que cambie. Sinala que en todo caso tamén é verdade que, recoñecido iso, agradecería que cando estean en momentos un pouco fundamentais nesta loita, antes de facer determinadas aseveracións de tipo público que poden ser moi prexudiciais para a mesma, se considere o medio-longo prazo e non tanto o curto, engadindo que o di sobre todo polo tema do camiño público. Sinala a sra. Lemus que non se quere entrar nesa discusión, e ela non vai entrar, pero soamente pide que igual que nesta moción se reafirma o compromiso na defensa dun viario municipal, que se faga o mesmo sempre nas notas de prensa. Salienta a sra. Lemus que ela pode admitir que o señor do BNG lle diga con toda a razón do mundo que o PSOE en Madrid non está facendo as cousas correctamente, pero o que non se pode é lanzar publicamente, a unha semana dunha manifestación, cando Toysal está botando lameira completa, incluída creación de troles, webs, e todo tipo de barbaridades, e non poden

sumarse dende a Corporación ningunha das forzas políticas.

Amosa a sra. Lemus o seu agradecemento, agardando que se mellore en reacción e o de sempre, o falado sempre, e así que todo o que sexa construtivo benvido sexa porque cree que todos están nesta loita xuntos e polo menos deberían de manter esa loita unida porque cree que é unha das bazas que ademais deben de defender ante o que se pode vir enriba, que de momento aínda non fixo nada máis que dar pequenos sustos pero que pode ser o cambio socioeconómico, total e medioambiental deste Concello.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, di que, pola exposición da concelleira do PSOE, parece que foron eles os da famosa nota da estrada, e simplemente quere puntualizar que non foi o BNG, que foi o PP, que como xa dixo ten unha dobre cara, que pola mañá di unha cousa e pola tarde di outra e ó día seguinte din a contraria. Considera que a eles se lles pode acusar de moitas cousas, xa lles teñen acusado de terroristas e de case todo, pero do que non se lles pode acusar é de “non defender o noso, de non defender o país e non defender a nosa veciñanza”.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen di que non van dar acceso ás provocacións do BNG, xa que non van dar acceso a quen no seu día en canto entrou por primeira vez como portavoz dixo que o seu máximo obxectivo era indignar ó PP, polo que o seu interese por defender os intereses da veciñanza teense quedaban nun segundo plano.

Sinala o sr. Sánchez que, entendendo que a alusión é directa ao comunicado do PP, gustaríalle comentar que en moitas ocasións se fan interpretacións do que comunica o PP, e mesmo se chega a manipular o que realmente dixo o PP. Sinala que vai ler un fragmento do comunicado no que facían referencia á pista e que di “*os populares consideran positivo que os mandatarios teenses (referíndose ó alcalde e concelleira) reclamen o que consideren que é propiedade do Concello e nesa loita van estar unidos*”. É dicir, que nesa loita o PP vai a estar unido a quen considere que a pista neste caso é propiedade do Concello. Sinala que o único que fixeron saber naquel comunicado era que aparecera un documento do que lles gustaría ter tido información. Sinala que, como parece que non quedou suficientemente claro, aquí queda claro o que dixeron naquel

comunicado. Di o sr. Sánchez que non sabe se xa querían que lles renderan pleitesía ou que fixeran unha recolecta de sinaturas para pedir o título de excelentísimo a algún dos membros do goberno local, pero pensa que con esa frase, que entende que non foi o suficientemente aclaratoria, querían deixar claro que consideran que é positivo que os mandatarios reclamen o que consideren que é propiedade do Concello.

Intervén o sr. alcalde e di que se alegran desta afirmación, pero o que pasa é que é unha forma curiosa, en todo caso, de mostrar a unidade. Sinala que, por se queda algunha dúbida, quere aclaralo, na medida en que é a súa obriga, xa non so vontade, senón obriga, a defensa do público. Explica que non é certo que aparecera ningún novo documento, senón que ese documento leva dende hai moito tempo e ademais non fai referencia estrita á propiedade da canteira. É un documento da Deputación Provincial onde di o que xa todos sabían, que no ano 2006 houbo unha permuta dos propietarios da canteira ca Deputación para construír a variante. Iso non o discute ninguén, está na propia argumentación feita polo goberno municipal nas reclamacións contra a canteira en varias ocasións. O *quid* da cuestión é que dende o ano 2006 non se discute que esa estrada deixa de ser estrada e é un espazo privado, o que se discute é que a partir de 2008 e maiormente a partir do 2010, cando se entregan os títulos de concentración, esa estrada volve aparecer. Salienta que a razón pola que volva a aparecer non a saben, pero aparece. Sinala que ao igual que para eles da concentración parcelaria calquera camiño público, aínda que estea cerrado, é a súa obriga abrilo, é a obriga do Concello manter esa estrada aberta. E ademais a argumentación que da Toysal contradise, porque argumenta e presenta un informe da Dirección Xeral de Medio Rural na que di que na concentración Medio Rural non entra nas estradas e na súa titularidade, que as que eran estradas seguen sendo estrada, iso é o que di estritamente a declaración de Medio Rural. Sinala que por iso din que Toysal entra nunha contradición grave, o problema para eles é que en 2007 iso non era unha estrada, entón cando vén a concentración parcelaria iso volve a ser estrada. Salienta o sr. alcalde que, todavía máis, se non fose así, se se collen os quilómetros permutados no seu momento, hai entre seis e oito fincas que quedarían sen acceso. Aclara o sr. alcalde que eles non din incluso de quen é a responsabilidade de que iso ocorrese así, de se naquel momento Carballal non foi consciente de que tiña que facer esa argumentación diante de Medio Rural, incluso facéndoa Medio Rural non

o tivo en conta e os propietarios puideron ter dereito a unha indemnización, porque é algo que a eles non lles concirne, o que si resulta claro, e por iso se alegra da postura do PP de apoiar a defensa do público, é que van a estar todos unidos, e que é incuestionable que a concentración parcelaria deixa esa estrada como vial público.

Sinala o sr. alcalde que sen entrar se hai dereitos a indemnizacións, ou non, se Medio Rural actuou ben ou non, en todo caso a reclamación dos posibles propietarios terá que ser contra Medio Rural non contra o Concello. Se se consulta o arquitecto municipal ou con calquera dos xurídicos deste Concello, ese plano de concentración parcelaria é unha obriga, non se podería permitir un peche aí pegado á estrada, teríase que pedir a distancia regulamentaria dende ese vial público, e non é unha interpretación nese sentido, a interpretación pode ser de como se chegou aí, pero ese é o feito obxectivo por iso se alegra da postura na que parece que se recupera a unidade, polo menos na defensa do público, que é para o que están todos aquí.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membro, acorda:

Primeiro.- Reafirmar o compromiso do Pleno Municipal na defensa do viario municipal da canteira, apoiando as medidas legais e administrativas que se adopten na defensa deste ben municipal pola Corporación Municipal, en cumprimento da súa obriga de defensa e custodia dos seus bens e dereitos.

Segundo.- Reclamar ás Consellerías de Industria e de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a tramitación dun novo plan de restauración, cunha nova declaración de impacto ambiental, para a súa adaptación aos cambios tanto normativos como socioeconómicos, e que asegure a axeitada protección medioambiental da Canteira e do seu entorno.

Terceiro.- Reclamar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España os cambios normativos necesarios para evitar a deturpación dos obxectivos da recuperación medioambiental das canteiras mineiras, co fin de evitar posibles vertedoiros encubertos.

Cuarto.- Amosar o apoio ás veciñais e veciños afectados, organizados na

Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, nas súas reivindicacións destinadas a defender os seus dereitos e a súa calidade de vida.

Uxía Lemus de la Iglesia

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Barreiro di que en primeiro lle gustaría facer unha aclaración, xa que el nunca dixo que o seu máximo interese fose provocar ao PP, iso é unha falacia. Dirixíndose ao concelleiro do PP, sr. Sánchez, dille que manexa ben as claves do debate, iso é unha falacia, engadindo que el o que dixo, despois de que lle chamaran dende o PP “indigno”, é que lle enorgullecía que lle chamaran indigno eles.

O sr. Barreiro da conta da moción do seu grupo de 15 de xuño de 2021 (Rex. 999 nº entrada 1637, do 15/06/2021), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos do 24 de xuño de 2021.

“O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte moción sobre **a nova tarifa eléctrica** para o seu debate en Pleno

Exposición de motivos:

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e

consumidoras e danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración da norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Teo á súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos

consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, nomeadamente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía”

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, sinala que, compartindo certos elementos da moción pero non todos, o seu grupo se vai a abster.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo á moción. Di que dende logo está moi ben que eles mesmos manifesten que o Goberno central, que goberna co apoio do BNG en Madrid, é o goberno da improvisación absoluta, tanto na maneira de planificar a transición enerxética como na de buscar solución aos problemas que esta desorganización xera. Dirixíndose ao sr. Barreiro, a sra. Calvo dille que este concelleiro apelaba na moción anterior á coherencia, e iso si que é coherencia.

Sinala a sr. Calvo que o goberno leva tres anos prometendo medidas para rebaixar o prezo da luz, pero o único certo en todo este tempo é que a factura eléctrica segue subindo. Segundo os datos da FACUA-Consumidores en acción, o recibo da luz dun usuario medio disparouse un 46,5% nas tres primeiras semanas de xuño, fronte ó mesmo período do ano pasado, apuntando así a factura máis cara de toda a historia, o cal resulta inasumible.

A Xunta de Galicia xa está exercendo as súas competencias en materia enerxética, por un lado está traballando para promover un desenvolvemento eólico na comunidade, que ten todas as garantías técnicas, xurídicas e ambientais que esixe a lexislación vixente, velando pola súa compatibilidade coa protección e sustentabilidade do medio ambiente. Lémbrolla a sra. Calvo ao BNG que aplaudiron con entusiasmo o peche das Pontes e Meirama, para despois mercar parte desa enerxía que non producimos en Galicia coa conseguinte perda de traballo e de riqueza, en lugares como Marruecos, onde hai centrais térmicas bastante máis contaminantes que as nosas. Sinala que, que ela saiba, o quentamento global non entende de fronteiras.

Explica a sra. Calvo que os beneficiarios de axudas da Xunta para evitar cortes de luz dende o 2014 son 25.000. Este ano o bono eléctrico galego conta con 1.600.000 euros. Tamén están doutra banda as axudas do INEGA en materia de aforro e eficiencia enerxética, así como para seguir impulsando o uso de enerxías renovables. Pensa a sra. Calvo que é unha enerxía limpa e sostible que veta o BNG e o PSdeG, a pesar de ser esencial no avance dunha Galicia máis verde.

Considera a sra. Calvo que compre lembrar que a enerxía eólica causante do cambio climático é a principal ameaza para os ecosistemas naturais e a biodiversidade.

Di a sra. Calvo que, finalmente, en canto á tarifa eléctrica, que subxace na petición de bonificación aos territorios de produción e enerxía, cabe sinalar que é un dos puntos do acordo do Goberno asinado entre PSOE e BNG. Parece que o BNG non confía en que se cumpra e por iso o inclúe na moción. Quizais sexa porque é un slogan de hai seis anos, que non teñen sido capaces de concretar. Remata a sra. Calvo a súa intervención reiterando o voto a favor do seu grupo.

Intervén o sr. alcalde e di que pensa que ás veces é necesario mirar as cousas cunha certa perspectiva porque senón se perden un pouco as referencias e calquera discurso vale, e non pode ser así.

Explica que o problema das eléctricas comeza no momento en que un goberno do PP privatiza o sector eléctrico, engadindo que esa é a orixe de todo e que aí comezan os problemas. A razón é que foi acompañado dun segundo paso que foi deseñar unha

estratexia para que os políticos de distintos partidos, e aí hai que recoñecer non só entra o PP, coparan os distintos postos nos Consellos de Administración e sacasen a rendibilidade deses cambios lexislativos que provocaron esta situación nefasta.

Considera o sr. alcalde que tampouco se pode facer esa loa das renovables cando o PP ven boicoteando sistematicamente, durante toda a lexislatura de Mariano Rajoy, a autoprodución, é dicir, a posibilidade de venda de autoprodución e devolución á rede foi sistematicamente boicoteada polos gobernos do PP, o cal tamén é unha cuestión obxectiva.

Aclara o sr. alcalde que el está moito máis de acordo co apartado c) que co apartado a) do punto 2 da proposta de acordo, no senso de que o que cómpre é que se estipule o prezo da electricidade en función dos custos de produción e non tanto na redución dos impostos. Asume que é unha vía inevitable cando se da unha situación de crise, pero a redución dos impostos non deixa de ser un empobrecemento e outro triunfo para as eléctricas porque estas manteñen os custos e os beneficios da produción mentres que o que se fai e que todos perden colectivamente coa redución dos impostos.

Salienta o sr. alcalde que é certo que non se pode falar da defensa medioambiental nas canteiras e criticar o peche de Meirama. Está claro que o apostar polas enerxías renovables ten custos, é dicir, o que hai que plantexarse socialmente é ata que punto se está disposto a apostar por ese cambio medioambiental básico que vai a ter inevitablemente custes. Entende que unha cuestión é que teña custes porque os medios de produción poden ser máis caros e outra porque as empresas eléctricas estean facendo o negocio do século e interactuando coas forzas políticas e co nivel lexislativo á hora da produción e da obtención dos beneficios.

O portavoz do BNG, sr. Barreiro, di que ve ós compañeiros do PP moi preocupados polo deputado do BNG, engadindo que será necesario que se vaian preparando porque van ser máis e entón será peor e sentaralles peor.

Sinala que é certo que o BNG apoiou a este goberno, e o goberno é o que non está cumprindo, non o BNG, xa que eles non teñen culpa que o goberno asine cousas que despois non cumpre. Explica que eles chegaron a un acordo, fixeron a súa parte dese

acordo, e o Goberno decidiu non facer a súa parte ou polo menos adiar o tempo no que se fai, razón pola cal dicía que igual non saben conxugar a terceira conxugación.

Sinala o sr. Barreiro que, como dicía o sr. alcalde, o BNG non entende que teñen que dicir os membros do PP do goberno de Aznar da liberalización do sector, da perda de compañías públicas, etc, das portas xiratorias, Aznar, González e outros tantos que están nos Consellos de Administración de Iberdrola, de Ence, de moitas empresas que ao final son as que mercan por parcelas o país.

Sinala o sr. Barreiro que o PP di que se merca electricidade a Marrocos, engadindo que non sabe se a concelleira do PP está moi informada, xa que Galicia é excedente en produción de electricidade, e así o ano pasado exportouse un 30% da electricidade que se produce, polo tanto non entende para que se merca, pois se sobra electricidade e se vende, non ten moito sentido que se merque.

Dirixíndose ás/aos concelleiras/os do PP, o sr. Barreiro dilles que, como xa lle dixo ao sr. Sánchez, manexan moi ben a falacia, e seguen aí, ancorados nesa falacia. Explica o sr. Barreiro que o BNG non está en contra das enerxías limpas e non está en contra do progreso, nunca o estivo. Precisamente é un partido que sempre estivo na vangarda en reivindicacións sociais e de todo tipo, evidentemente, o que non está de acordo é coa súa política eólica. Non é que non estean de acordo coa enerxía eólica, non están de acordo coas políticas do PP. Consideran que os do PP están troceando este país e vendéndoo ás oligarquías e facendo de Galicia unha mera colonia produtiva, están desfecendo o tecido económico e social do país e están acabando con todas as empresas. Acabaron coa industria, están vendéndonos, literalmente, e ademais de saldo .

Considera o sr. Barreiro que o que non pode ser é que un concello de Galicia teña máis eólicos que toda a comunidade autónoma de Asturias, engadindo que a eles se algo lles sobra aquí son eólicos. Sinala que o que haberá que pensar é se se pode chantar un eólico en calquera sitio, pregúntase que é isto e pídelles ás/aos concelleiras/os do PP que deixen xa de dicir que o BNG está contra o progreso porque non é verdade.

Sinala que agora tamén van poñer os eólicos no mar, por se acaso, por se non chegaban, non vaia a ser que na liña do horizonte do mar se vexa América, mellor ver un eólico,

porque non hai dabondo. Parécelle que son moi demagóxicos e que non deixan de darlle voltas ó mesmo argumento cando saben perfectamente o que están facendo. O que se está facendo cos eólicos, o que se está facendo con Ence, coas canteiras e o que se está facendo con todo. Dirixíndose ás/aos concelleiras/os do PP dille que “están acabando con nós”.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da mesma.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, e sinala que que o que parece que está desinformado é o concelleiro do BNG. Di que claro que se compra enerxía a Marruecos, e nuclear a Francia, engadindo que o di para que o anote o sr. Barreiro e despois o busque.

Sinala a sra. Calvo que, de todas formas, para non desinformar aos veciños, como o sr. Barreiro di que se amparan na falacia, quere lembrar que en cada factura da luz os galegos pagan un 25% que corresponde á produción e ao marxe de comercialización e o 75% restante corresponde a impostos, primas e recargos. Refírese ás primas de enerxía renovables e sinala que isto na factura da luz quere dicir que estamos a pagar as primas do goberno socialista de Zapatero, que tamén gobernaba co apoio do BNG, polo tanto veñen dicir unha cousa e é a contraria.

Refírese a sra. Calvo ao déficit da tarifa e di que nada máis e nada menos que 29.000 millóns de euros, déficit producido pola política enerxética frívola dun goberno socialista., que o BNG apoiou, e mentres tanto os galegos e o resto de españois a pagar.

Pregunta a sra. Calvo cal era a proposta do BNG cando gobernaban con Zapatero en Madrid, engadindo que xa resposta ela, xa que eran “primas a renovables ineficientes e déficit tarifario” e agora o resultado é que se ten que pagar, pagar, e volta a pagar a débeda acumulada do déficit tarifario nas primas renovables.

O sr. Barreiro sinala que eles non estaban no goberno de zapatero.

A sra. Calvo sinala que eles o facilitaron igual que agora a Sánchez, facilitaron, porque lles gusta poñerse de salvadores, e así primeiro xeran o problema e logo a pancarta, e

vai a ser que non porque hai que apalancar co que un fai.

Sinala a sra. Calvo que agora o resultado é pagar, pagar e volta a pagar a débeda acumulada do déficit tarifario nas primas renovables, máis de 35.000 millóns de euros. Sinala que estas son as políticas que o BNG apoiaba en Madrid e que eles denuncian e pregunta onde está agora a pancarta e as mocións do BNG. Considera a sra. Calvo que isto é o de sempre, xeran un problema e despois veñen de salvadores da patria, engadindo que xa sabe que ao sr. Barreiro non lle gusta que lle digan estas cousas porén hai que saber encaixar.

Sinala a sra. Calvo que so hai unha forma de rebaixar a factura da luz, que é diminuír os impostos como o IBI, e que por exemplo en Irlanda é dun 13%, en Grecia e Portugal dun 6%, as cargas e peaxes e basearse nunha política enerxética, renovable e sustentable.

Pregunta a sra. Calvo cal é a postura do BNG ante isto, xa que está na vangarda e sinala que é boicotear o incremento da potencia hidráulica, boicotear a eólica mariña, boicotear a eólica terrestre. Di que non entende ben onde está o avance, e efectivamente si que está de acordo co sr. alcalde que, naqueles momentos de Zapatero, pensa que militaba tamén no BNG.

A sra. Calvo di que se trata de datos palpables, engadindo que a súa postura está bastante clara.

O sr. alcalde di que el non a ten tan clara, engadindo que por sorte, onde non estaba era no PP cando privatizaron as eléctricas, aí si que ten claro que non estaba.

Salienta o sr. alcalde que ata lle fastidia un pouco que case todos se poñan de acordo en votar cando están en profundo desacordo, xa que non sabe se ten moito sentido que apoiem unha moción cando no fondo están totalmente en desacordo.

Sinala que el, por exemplo, está absolutamente en contra de reducir os impostos. Pode que, circunstancialmente, nunha situación coma esta, haxa que reducilos, porén reducir os impostos no recibo da luz é empobrecer ao Estado e así empobrecernos a todos, porque o Estado somos todos.

Considera que se plantexan as cousas con contradicións importantes porque segundo a argumentación que fai o PP o que estamos pagando, fundamentalmente, é o déficit tarifario de Zapatero, é dicir, un déficit tarifario polas renovables. Está claro que se se usan enerxías renovables o custo de produción vai ser superior que se usan enerxías tradicionais, engadindo que unha cousa é que se estea disposto a asumilo ou non. Considera que tampouco é unha cuestión estritamente xa do Estado a propia redución das enerxías tradicionais, senón que é unha imposición da Unión Europea, onde por enriba nese tipo de cuestións están de acordo, que hai que reducir a emisión de carbono.

Considera o sr. alcalde que se perde a perspectiva tamén niso porque se o problema é o déficit tarifario que xera Zapatero a pregunta que habería que facerse, e que aínda non viu contestada en ningún lado, é por que a principio de mes a electricidade sube un 48%. Pregunta se iso é déficit tarifario de Zapatero. Sinala que non, que o que hai un manexo das eléctricas, das empresas privadas, onde usan a argucias tan inxustificadas como poñer o custo da última produción ou o prezo máis caro da última produción e iso aplícaselle a todo o recibo.

Trátase de mecanismos legalmente establecidos para situar un prezo, que non é real, da tarifa eléctrica. Por iso pensa que o que di o punto c da proposta do BNG do sector eléctrico de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos xerados de cada tecnoloxía é absolutamente lóxico, o que non é tan lóxico é fixar eses prezos dunha forma arbitraria e posibilitar que ese incremento de custo dun corenta e pico por cento nun mes se produza e ninguén sexa capaz de dar unha explicación, porque é imposible que a explicación sexa o déficit tarifario de Zapatero, e a única explicación posible é o acordo das empresas eléctricas, e contra iso pensa que é contra o que vai a moción, co que o seu grupo está totalmente de acordo.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (7 PP, 4 Son de Teo e 2 BNG) e catro abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda:

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Teo á súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte

importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, nomeadamente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

8.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto noveno da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Barreiro di que un veciño de Bustelo solicita que se arranxe un camiño rural polo que acceden ao seu domicilio el e o resto dos veciños colindantes. Explica que este veciño demandou o arranxo deste camiño e mesmo se lle indicou que se faría con aglomerado, dunha determinada forma, mais nunca se fixo, engadindo que tamén dirixiu un escrito ó Concello que non foi contestado, polo que el mesmo procederá a remitilo á concelleira de urbanismo para que se revise o tema.

2.- Sinala o sr. Barreiro que cando se fixo o reordenamento do tráfico nos Tilos quedaron sinais que agora dirixen para unha dirección prohibida cando se accede dende a rotonda de Montouto. Na rotonda que está entre Parque Montouto e Os Tilos, ao xirar á esquerda para meterse para os Tilos, hai uns sinais que indican a piscina cara a esquerda, e iso é dirección prohibida. Solicita o sr. Barreiro que se arranxe.

A sra. Lemus sinala que se mirará.

3.- O sr. Barreiro di que informouse ao BNG de que se cedera ao Concello a parcela chamada do orzalexo, de Solláns, e non saben se é certo ou non.

O sr. alcalde pregunta cal é esa parcela, se é a do cruce, a que está antes da casa de Tucho. Explica que o que houbo aí foi unha visita do propietario, en concreto, na que manifestou a vontade do seu pai neste caso de proceder, se o Concello o estimaba pertinente, a ceder a parcela ao Concello. Salienta o sr. alcalde que é algo no que se está traballando, de feito consultouse con Secretaría cal sería o procedemento, esperando que se o propietario mantén a proposta se poida realizar antes de final de ano, pois pensan que sería algo bo, incluso para a seguridade.

4.- O sr. Barreiro sinala que os veciños da urbanización que hai na travesía de Cacheiras, en fronte do tanatorio, queixanse de que hai varios coches, contaron ata cinco, abandonados dende hai moito tempo na parte de atrás da urbanización, que están moi deteriorados, xa con lunas rotas, e piden que se retiren ou que se faga o que sexa pertinente.

5.- Sinala o sr. Barreiro que os veciños da urbanización de enfrente, detrás do tanatorio, reclaman un contedor de papel que foi retirado hai máis de dous meses e semella que xa houbo tempo de xestionar outro. Pregunta se hai algunha previsión de cando se instalará outro.

O sr. alcalde sinala que se intentará que sexa o antes posible.

6.- O sr. Barreiro di que hai dous Plenos tamén indicou que na casa que está pegada á gasoleira da Ramallosa hai un cadro eléctrico no chan que segue alí, e que os vehículos que saen da estación de servizo fano de xeito perigoso, cruzando por diante,

en diagonal, en vez de saír cara á rotonda, fano en diagonal para non facer a rotonda e saír xa directos e entón pasan por diante do portal, de feito os veciños desa casa puxéronlle alí unha pedra. Salienta o sr. Barreiro que se trata dun problema de seguridade viaria que pode dar lugar a un accidente.

A sra. Lemus sinala que o cadro non é do Concello, senón que é deles.

O sr. Barreiro di que non sabe se iso se pode permitir, engadindo que non parece que sexa moi seguro.

7.- O sr. Barreiro sinala que en Cornide, na ponte que pasa por riba da autoestrada, que entende que é da Deputación, non hai baranda e hai un sitio perigoso que se pode un caer, e sería unha caída libre bastante perigosa, polo que habería que reclamarlles á Deputación que miren por iso.

O sr. Iglesias sinala que está reclamado fai tres anos.

O sr. Barreiro sinala que a ver se agora que aprobaron esa estrada o dan feito.

8.- O sr. Barreiro sinala que hoxe precisamente se aprobou esa variante de Cacheiras, por fin, coa abstención do PP. Sinala que dende o seu grupo agardan que agora si se fagan os pasos de peóns necesarios nesa vía, na altura da rotonda de Cacheiras e tamén, aínda que non sabe se está previsto, na altura de Augas Mansas, que é por onde a rapazada ten que cruzar para ir cara ao instituto, que é unha zona bastante perigosa, unha recta.

Explica así mesmo o sr. Barreiro que por esa zona os vehículos adoitan pasar cun exceso de velocidade importante, e ademais aí hai un parque infantil que sobre todo nos días feriados énchese de cativos e de pais e de coches alí aparcados. É unha zona un pouco perigosa para as velocidades que pasan.

Suxire o sr. Barreiro, aínda que non sabe se será posible, que a contorna desa urbanización se limite a 30 km/h porque as velocidades que se dan nesas dúas estradas que rodean esa urbanización son case de circuíto.

9.- Sinala o sr. Barreiro que en Mouromorto os veciños din que hai que limpar as herbas que medran entre o pavimento e a beirarrúa, porque seica están moi altas.

10.- Sinala o sr. Barreiro que outro tema estrela do Pleno é a zona de Luou, que xa pediron que se arranxara varias veces, que este mes, ao principio de mes cando choveu moito, seica se volveu a anegar e os veciños loxicamente están un pouco desesperados, levan así anos e seguen demandando unha solución. Sabe que se puxeron en contacto coa concelleira de urbanismo e que se lles dixo que se ía a intentar facer algo aí, entón sería bo que se fixera canto antes, polo menos antes de que chegue o inverno.

11.- Explica o sr. Barreiro que a empresa que está instalando a fibra óptica na zona da Ramallosa esta semana abriu zanzas e non avisou aos veciños para que sacaran os coches e almorzaron con que non puideron sacar o coche da casa, e algún tivo que facer algún número para ir a traballar. Opina o sr. Barreiro que igual hai que dicirlle ás empresas que esas cousas non se poden facer así. Sinala que por outra banda descoñece se está previsto e se nalgún sitio se poden soterrar os cables dos servizos de luz e de telefonía porque hai zonas do Concello que parecen unha tela de araña, engadindo que en todo caso supón que será complicado soterrar todo iso.

12.- Sinala o sr. Barreiro que, tratándose dos postes de luz e teléfono, nalgúns sitios están metidos en gavias, por onde ten que escorrentar a auga e non sabe se se lle pode comunicar ás empresas que igual non é o sitio para poñer os postes, porque despois, co lixo que se acumula, fórmanse pozas e ó final acaba facendo un problema nas estradas, e pensa que se podería solucionar dalgunha forma.

13.- A sra. Diéguez di que, con relación ao da fibra óptica, abriron en Pontevea, Reis, por esa zona, ao longo da estrada, e a veciñanza que vive por alí por Ferreiriño solicita que se lle pida á empresa que polo menos deixen aquilo como estaba, porque dicíanlle que acumulan pedras, non estenden despois a terra, e que ao ó pechar queda tal como caia na gabia. Explica que moitos veciños tiñan que sacar eles as pedras que lles quedaban acumuladas diante dos portais e piden que se lle de un toque á empresa para que tenten deixar as cousas un pouquiño acondicionadas, polo menos, tal e como estaban antes de que abrisen.

14.- Sinala a sra. Dieguez que a veciñanza da Pedra preguntoulle para cando ía a obra, e xa lle dixo que xa estaba licitada, ou case. Di que lle faláron de que había un parque infantil que houbo que retirar porque estaba moi deteriorado e as persoas que faláron con ela pedían que se lle dera unha volta para non deixar A Pedra sen parque infantil. Dende o BNG pensan que o parque infantil pode ser moi caro e pode ser máis barato, non hai por que poñer parques infantís grandísimos nas parroquias pequenas, pero que si son lugares de encontro e a xente do medio rural necesita tamén ese lugar de encontro, poñer uns bancos, algún xogo, xa que é unha forma de atraer á veciñanza a esa zona e é unha forma de convivir e de facer accións sociais.

15.- Sinala a sra. Diéguez que tamén lle dixerón que no campo de fútbol de Recesende é preciso que se corte a herba, engadindo que ela o transmite tal e como llo dixerón porque ela nunca entrou nese campo de fútbol.

O sr. Iglesias explica que os campos de fútbol son prados e polo tanto hai que contratar obras para retirar todo e adecentalos e iso é un importe elevado, engadindo que o de Recesende xa está contratado.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra sinala que en Vilanova, en Oza, de fronte á marquesiña, da estrada que vai de Vaamonde á Santa Eufemia, desemboca a estrada que sae de Vilanova. Aí hai uns contedores e xusto aí, no stop, hai tres baches moi grandes.

2.- Sinala o sr. Guerra que en Tribaldes, a pista que vai do Souto de Tribaldes a San Andrés de Llobre, esa pista, de en torno a dous quilómetros, está completamente destrizada.

3.- Sinala o sr. Guerra que de Casaldomiro ó IES, o outro día foi ó IES e esa pista está destrizada, engadindo que non sabe se se lle fixo algo nestes últimos quince días.

4.- O sr. Guerra sinala que, tratándose do muíño da Ribeira, os veciños tamén lle din que hai maleza dentro do regueiro, que a ver se se pasa a limpar.

5.- Sinala o sr. Guerra que, tratándose do Centro de saúde de Cacheiras, xa se reivindicou máis veces un toldo, que no verano chégalle o sol ó outro lado, e tamén rebaixar o mostrador porque a persoa que está detrás non se ve, nin ela ve á xente nin a xente a ve a ela.

6.- Explica o sr. Guerra que pasou onte ou antonte por Solláns e viu que se está a facer unha senda, que está moi ben, porén quere denunciar aquí que se volve a estreitar a estrada. Salia que xa a estrada é de por si estreita, e pasa un autobús e un coche para o outro lado e non colle. Considera que está moi ben a senda ancha, pero se cadra en vez de levar tanto ancho ía ben, ou se cadra podía vir para atrás medio metro e ganábase en acho de estrada. Sinala que pasou en Tarrío, Recesende, pasou en Folgueiras, que se ve o bordillo todo mordido dos coches, e xa as pistas en si son estreitas. Salia o sr. Guerra que nalgunha ocasión falouse de que se ían anchar as pistas e estanse estreitando. Salia o sr. Guerra que se trata simplemente dunha suxestión.

7.- Explica o sr. Guerra que tamén pasou por Malfurado e polo menos habería que poñerlle unhas que, cando estaba o sr. Blanco, lle chamaban “bosteiras”, porque hai uns socavóns moi grandes, engadindo que xa non di nada de aglomerado.

8.- O sr. Guerra sinala que, como xa dixera outra vez, a pista chamada “a manga” está en pésimo estado. Explica que lle chaman así a unha curva que hai na estrada da Xunta, un camiño que atravesa para Santa Marta, de 60 metros lineais máis ou menos e que está destrozado completamente, que o invade a maleza dun lado a outro e o asfalto desaparece.

9.- Di o sr. Guerra que fai pouco foi a a un enterro en Reis e puido comprobar que a pista que vai da parrillada La Granja ao campo da festa está destrozada completamente, que tivo que ir sorteando os baches.

Co permiso da presidencia, a concelleira do BNG, sra. Diéguez, di que a veciñanza de Cornide vaise enfadar porque non avisou de que reclaman a limpeza da carballeira antes da festa e a festa é ese fin de semana, o domingo, entón din que sempre lle limpan a carballeira e esta vez non lla limparon e que o domingo é a festa. Tamén di que as veciñas e veciños de Jandomil, en Texexe, reclaman o asfaltado da pista, parece ser que xa falan coa concelleira e que non lles gustou a resposta, porque parece que lle dixeron que dentro de dous anos e entón reclaman que se faga o asfaltado o antes posible.

10.- O concelleiro do PP, sr. Sánchez, refírese á Luou e sinala que en marzo preguntoulle á concelleira de urbanismo, estívose falando do tema e de como estaba a situación a colación de que o BNG o comentara. Sinala que el quería tamén preguntar, engadindo que en marzo o que se lles contestou e que xa estaba feito e refeito o levantamento topográfico e que en abril habería novidades e que estaría o tema avanzado. Pregunta o sr. Sánchez cal é exactamente a situación.

O sr. alcalde di que con respecto a ese punto estase elaborando o proxecto. Houbo contactos coa Deputación para unha solución integral, da estrada e máis da parte baixa. De feito dixeron que cara finais de este mes estaría o primeiro avance do proxecto coa idea de telo listo a finais do mes que vén.

11.- A concelleira do PP, sra. Rosende, sinala que trae unhas queixas de catro aldeas da parroquia de Cacheiras. Refírese á aldea do Sisto e, dirixíndose á sra. Lemus, refírese a unha pista que conecta o Sisto co Grilo, que a foi a ver esa concelleira hai un par de anos, por época de eleccións, e preguntalle se se da conta, engadindo que está por detrás do cementerio. Di que esa pista era ben tela arraxada porque se usa moitísimo e hai tramos que están completamente en terra, e cando veña o inverno non se pode pasar por alí cos coches. Sinala que un veciño díxolle que a sra. Lemus tivera boas palabras con eles, que o ía a estudar, pero xa fai dous anos e xa é hora de dar unha resposta a ese veciños. Pregunta a sra. Rosende se se vai mirar, respondendo afirmativamente a sra. Lemus.

12.- A sra. Rosende sinala que na aldea da Torre, ao largo da vía rápida, xusto alí onde están aqueles chalés de pedra, hai unha fochanca que cruza dun lado ó outro. É inviable pasar sen parar o coche, xusto na entrada, non no lado dereito, senón da do esquerdo.

13.- Sinala a sra. Rosende que nesa mesma estrada, cara ao fondo, non a da fochanca, a que está de lado, que vai cara ao do aerodelismo, tamén hai varios baches que xa se taparon nunha ocasión pero non sabe por que motivo se levantan enseguida os bacheados que se fan. Incluso teñen gravilla, pasan nenos en bici e está perigoso.

14.- Refírese a sra. Rosende a Procelas e Noenlles e sinala que fixo en decembro xa un ano, ou sexa que vai para ano e medio, falouse aquí de varios asuntos de alí, xa que os veciños están moi descontentos pois non están recibindo o trato que eles quixeran, pagan impostos coma os demais e esixen certas melloras na aldea. Sinala que sería preciso cambiar os postes de sitio, os da estrada principal, que non se pode pasar por alí con cadeira de rodas, tal e como xa se comentara no Pleno. Explica que o firme está en moi mal estado, o que vai pola parte de atrás, que comunica Procelas con Noenlles e alí hai casas e úsanse, polo que non é que se trate dunha pista de monte, engadindo que se pediu hai máis dun ano. Tamén teñen agora un problema de alumeado público, que non teñen, pois un camión de Fenosa parteulles un poste. Pregunta a sra. Rosende se xa foron avisados. A concelleira do PP di que están sen luz pública e piden se se pode instar a Fenosa a que arranxen iso o máis pronto posible porque está alí o poste tirado á beira da estrada xa hai varias semanas.

Pregunta a sra. Rosende como está o tema da fibra óptica para esa zona, pois leva dous anos parada tamén en Raxó e, aínda que non é competencia do Concello, serán os que están gobernando os que teñen que mediar para saber como está o tema. Sinala a sra. Rosende que hai moita xente que teletraballa, e cada vez máis, e o teletraballo vén para quedar, pero é imposible facelo por esa zona.

A sra. Lemus di que a última noticia que teñen é do xoves pasado, cando a responsable de Movistar para a provincia lles dixo que o despliegue nas zonas onde están os núcleos de Raxó, Penelas e Procelas o teñen programado para este ano, estando realizándose

os deseños para instalar o último cuatrimestre do ano co obxectivo de dar servizo antes de final de ano.

15.- A concelleira do PP, sra. Vázquez, dirixíndose ao sr. Elías, refírese a dúas sinais, en Pontevea, enfronte á Senra, onde se puxeron as sinais do camión, hai unha que caeu, non sabe como se tirou. Supón que alguén montou a beirarrúa.

16.- Sinala a sra. Vázquez que, vindo de Rarís, cara ao campo da festa de Reis, antes de chegar a onde está o indicador da aldea da Igrexa, había unha sinal de 50 e está tirada na cuneta.

17.- Pregunta a sra. Vázquez polo alumeado da ponte BIC de Pontevea, engadindo que parece ser que xa está todo instalado pero que agora depende do Concello o darlle a luz. Sinala que se contaba con que estivera para San Xoán, e ó final non estivo.

A sra. Lemus di que querían facer unha proba final, para ver, porque teñen dúbidas, e se lle están dando unha volta, porén en canto poidan xa se coloca, estando en todo caso todo previsto.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz